



1-INTRODUCCIÓN

O Local de Música, pertencente ao Departamento de Xuventude do Concello de Pontevedra organiza os “15 Bolos” para promover a escena musical emerxente. Busca poñer en valor a creación musical de base organizando un evento musical en rúas e prazas da cidade:

Os obxectivos principais son:

- Presentar á comunidade unha mostra da escena musical independente en espazos emblemáticos e representativos da cidade.
- Ofrecer aos grupos novos oportunidades para darse a coñecer e desenvolver a súa carreira artística.
- Algún dos grupos poderá actuar como apertura nalgunha das actuacións principais da programación das festas da Peregrina

2-EN QUE CONSISTE

15 Bolos consisten nunha serie de concertos que se celebrarán o en Pontevedra en formato de festival musical.

Os grupos seleccionados un xurado cualificado e representativo.

O premio por ser seleccionado será unha actuación no mencionado festival e un premio de 250 €.

3-PARTICIPACIÓN.

Poderán participar todas aquelas bandas ou solistas con compoñentes con idades superiores aos 16 anos sempre que polo menos un compoñente do grupo estea empadroadado no Concello de Pontevedra.

As e os compoñentes menores de idade afirmarán ter o consentimento de pais/nais ou titores no momento de inscribirse. En caso de resultar seleccionadas/os solicitaráselles unha autorización formal, firmada e por escrito.

A inscrición será totalmente GRATUÍTA.

4-DATAS e FASES.

- Inscrición. Ata o 19 de maio de 2017 ás 22:00h.
- Selección do xurado: 20 de maio de 2017.



5-INSCRICIÓN

As inscricións poderán facerse unicamente desde un formulario en liña no web do Local de Música (<http://localdemusicapontevedra.nos.gl>). www.goo.gl/Yk4by5

As datas límite para a recollida de inscricións será o 19 de maio de 2017 ás 22:00h.

6-DATOS PARA A INSCRICIÓN

O formulario solicitará os datos principais do grupo e dos seus compoñentes.

Como información chave para preselección do xurado, haberá que presentar:

1. Descrición breve do grupo e traxectoria, traballos,...
2. Como información complementaria poderán poñerse outras ligazóns de interese: redes sociais, web,...

A organización poderá subir e compartir a información dos grupos apuntados ou outra que considere de interese nos seus espazos de difusión web (facebook, blog...)

7-XURADO E PRESELECCIÓN

A organización facilitará a un xurado cualificado e representativo a información enviada polos grupos.

O xurado estará composto por persoas relacionadas co mundo da música, colectivos e asociacións da cidade relacionadas coa música e persoal do Concello vinculados ao Local de Música, e serán os encargados de seleccionar as bandas participantes entre as inscricións recibidas. A organización comprobará que as bandas inscritas cumpran os criterios das bases. Aquelas que non teñan a información solicitada non serán admitidas.

A preselección consistirá nunha audición onde se presentará a descrición do grupo e revisarse o material solicitado de cada un dos grupos presentados.

O xurado valorará numericamente os seguintes criterios: proposta de valor, composición e execución. Valoraranse especialmente a utilización da lingua galega e as composicións propias. A suma resultante destas valoracións e as de todas as persoas participantes como xurado darán o resultado da selección dos grupos para os días dos concertos.

Así mesmo, farase a selección dun grupo para a actuación nas festas da Peregrina 2017, como abreconcertos dun grupo consolidado entre os grupos preseleccionados.



Terase en conta

- . A calidade técnica e musical.
- . A profesionalidade e consistencia do proxecto musical.
- . A traxectoria e accións de promoción do grupo.
- . O estilo (hai cabida para todos/as, pero cada un terá o seu escenario).

No caso de empate, teranse en conta os seguintes criterios:

1. Somos galegas e galegos. O noso idioma é, máis unha vez, a chave coa que abrir moitas portas. O uso do galego será un factor decisivo
2. Cremos nun mundo feminista, no que mulleres e homes somos iguais. Por iso, que as formacións estean compostas por persoas de ambos os dous sexos será tamén outro dos factores decisivos.

Todos os estilos musicais serán admitidos.

O xurado unha vez reunido, logo das correspondentes audicións e emitir a súa valoración, comunicaralles aos grupos a súa resolución.

A organización colgará información sobre os grupos seleccionados nos seus espazos de difusión web.

A decisión do xurado será inapelable.

8-PROGRAMA

O evento celebrarase nas prazas de Pontevedra

Cada grupo ou solista terá un tempo máximo de 50 minutos para presentar a súa proposta. Para os cambios de escenario entre grupos haberá un tempo de 10 minutos que non contará no tempo de interpretación.

Os participantes comprométense a seguir as especificacións dadas polo *stage-manager* da organización.

9-ASPECTOS TÉCNICOS DO FESTIVAL

O número de bandas participantes será de quince (15). A organización resérvase o dereito de programar máis ou menos bandas en función das propostas presentadas.



Os participantes aseguran a posesión dos dereitos de interpretación e autoría dos temas presentados e conceden autorización á organización para reproducilos e promocionalos a través de medios de comunicación e Internet sen fins comerciais ou lucrativos, eximíndoa de calquera responsabilidade ou reclamación de terceiros.

As bandas seleccionadas comprométense a actuar no evento á hora, data e lugar determinada pola organización.

Os grupos seleccionados deberán enviar en tempo e forma á organización o seu *rider* técnico para programar adecuadamente a folla de ruta do evento.

A organización enviará aos grupos unha folla de ruta coas indicacións e características da produción. Os artistas poderán contactar coa organización para aclarar dúbidas e estudar necesidades específicas.

Os horarios serán asignados ás bandas por franxas horarias con debida antelación e dependendo das necesidades de produción.

Una vez asignado o horario será inamovible a non ser por causa de forza maior e sempre que sexa compatible coas necesidades da organización.

Tanto para os concertos como para as probas de son, esixirase puntualidade absoluta.

10-BACKLINE

Os grupos participantes compartirán o seguinte backline para posibilitar axilidade nos cambios e dinamismo no espectáculo.

A organización porá a disposición dos artistas:

- Batería Pearl ELX; medidas Bombo 22”, toms: 10”, 12” e 14”.
- Os soportes de caixa e pratos deberán ser os propios de cada grupo
- O pedal de bombo, caixa e pratos deberanse utilizar os propios de cada grupo.
- Sonido PA, monitores e iluminación.
- Backliner e persoal de produción.

Os instrumentos persoais, amplificadores e cables necesarios achegaraos cada grupo ou solista.



11-Protección de datos de carácter persoal

A participación na presente promoción implica a autorización de cada participante para a os efectos do artigo 12 e seguintes do Regulamento da lei de protección de datos de carácter persoal (R.D. 1.720/2007 de 21 de decembro) a favor de XENEME Intervención Social S.L.L., para o tratamento dos seus datos para as seguintes finalidades:

- **Para a participación na presente produción.**

Tales datos integraranse nun ficheiro automatizado cuxo responsable e titular será XENEME Intervención Social S.L.L. e trataranse conforme as disposicións da Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal (en adiante, LOPD) e ao Regulamento que a desenvolve. De acordo coa LOPD, os participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante correo dirixido a XENEME Intervención Social S.L.L. ao enderezo info@xeneme.com.

12-Cláusulas finais

A organización resérvase o dereito de efectuar modificacións sobre estas normas para mellorar, corrixir ou atender a eventualidades que poidan darse no transcurso do proxecto.

Se por causa de forza maior, algún grupo non puidese realizar a súa actuación, e a organización tivese tempo dabondo para resolver, a organización poderá seleccionar da lista de presentados a algún grupo que puidese substituílo.

A organización resérvase o dereito de modificar, suspender ou interromper este proceso por causas xustificadas ou que contraveñan o espírito do evento sen que disto poida derivarse responsabilidade ningunha.

A organización resérvase o dereito de efectuar todas as comprobacións ou a realizar todas as accións que considere oportunas para velar pola legalidade da convocatoria.